

CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.:185/2021, POLA QUE SE FAI PÚBLICA A COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN, E SE FIXA O DÍA PARA A CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA NO SOBRE “A”, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “SEGUNDA FASE DO ABASTECIMIENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA DO CONCELLO DE MEIRA”.**

De acordo co prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria para a realización das obras de “Segunda fase do Abastecemento de Auga aos lugares de A Louseira e A Corota (Meira)”, e unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas.

De acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola lei 11/1999, de 21 de abril, polo presente,

**RESOLVO:**

**Primeiro:** que segundo o disposto no punto 12.- dos pregos de cláusulas administrativas, procede nomear aos membros da mesa de contratación que estará integrada por:

- Presidente/a: Agustín Méndez Moirón (concelleiro deste Concello)
- Vogais:
  - Jesús Bouza Fernández (arquitecto municipal)
  - Manuel Carramal Silva (funcionario de administración local)
  - M<sup>a</sup>. Celia Fernández Carballal (Informadora Xuvenil)
- Secretario: Pilar Rozas Alonso, funcionaria deste concello

A mesa de contratación non poderá actuar ou constituirse sin a presenza polo menos da metade dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

A mesa de contratación actuará de acordo aos pregos de cláusulas administrativas que rexerán a convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestión se susciten na súa interpretación.

**Segundo:** publicar a composición da mesa de contratación no taboleiro de anuncios, páxina web do concello e no perfil do contratante.

**Tercero:** de acordo con punto 13. dos pregos, a mesa de contratación reunirse o día **13 de maio ás 18:00 horas no Concello de Meira** para cualificar os documentos presentados (sobre A), en sesión non pública.



CONCELLO DE MEIRA  
CIF.: P2702900H  
Praza do Concello, s/n  
27240 Meira (Lugo)  
Teléfono: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
email:concello.de.meira @eidolocal.es

A mesa de contratación unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados no prego, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os que sexan rexeitados e motivando as causas que o provocan.

Unha vez efectuada a proposta de cualificación dos sobres “A” pola mesa, fixarase o día e hora de apertura dos sobres “B”, en sesión pública.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria accidental que dou fe.

Meira, 3 de maio de 2021

A secretaria accidental  
Pilar Rozas Alonso

O alcalde  
Antonio de Dios Álvarez

Documento asinado electrónicamente

